

AS ELECCIÓNS SINDICAIS NA ENSINANZA PÚBLICA NON UNIVERSITARIA EN GALICIA (1987-1998)

IGNACIO LAGO PEÑAS* / PEDRO LAGO PEÑAS**¹

*Instituto Juan March de Estudos e Investigacións

Centro de Estudos Avanzados en Ciencias Sociais

**Fundación 10 de Marzo

Recibido: 11 decembro 2000

Aceptado: 15 maio 2001

Resumo: Neste artigo analizámo-la evolución do sistema de representación sindical na ensinanza pública non universitaria de Galicia desde 1987 ata 1998. A partir da aplicación da metodoloxía deseñada para os sistemas de partidos, estúdiase con datos agregados a dinámica da competición electoral e examínanse as principais dimensións do sistema de representación sindical: fragmentación, competitividade, concentración e volatilidade.

Palabras clave: Eleccións / Sindicatos / Volatilidade / Fragmentación / Proporcionalidade / Competitividade / Concentración.

UNION ELECTIONS IN NO-UNIVERSITY PUBLIC EDUCATION IN GALICIA (1987-1998)

Abstract: In this paper we analyse the evolution of the trade union representation system in no-university public education from 1987 to 1998. Using a methodology designed to study party systems, we examine with aggregated data the dynamic of electoral competition and the main dimensions of the trade union representation system: fragmentation, competitiveness, concentration and volatility.

Keywords: Elections / Trade unions / Fragmentation / Competitiveness / Concentration / Volatility.

1. INTRODUCCIÓN

A celebración de eleccións sindicais democráticas en España estendeuse desde a segunda metade da década dos oitenta á ensinanza pública non universitaria. En efecto, as eleccións de 1987, 1990, 1994 e 1998 permitiron dotar de órganos específicos de representación –as xuntas de persoal– ó persoal docente da ensinanza pública primaria e secundaria.

No marco das eleccións sindicais, a análise dos resultados nun ámbito tan específico como a ensinanza pública non universitaria resulta particularmente interesante pola especificidade do espazo no que se estruturou a competencia electoral. Por un lado, no bloque formado polos sindicatos de clase cómpre resalta-la significativa presenza de organizacións nacionalistas; por outro, os sindicatos corporativos

¹ Agradécemo-los comentarios de Manuel Lago, Ramón Máiz e de dous anónimos avaliadores da *Revista Galega de Economía*, así como a colaboración de Clara Gamarra, Víctor Gesto, José Gómez Alén e Ricardo Ventosa na obtención da información. A responsabilidade de calquera erro ou omisión é unicamente nosa.

alcanzaron importantes cotas de votos e de delegados. Aínda que as organizacións nacionalistas están presentes en maior ou menor grao en tódalas eleccións sindicais de calquera ámbito en Galicia, a concorrencia dos sindicatos corporativos concéde-lle unha certa singularidade a este tipo de convocatorias electorais.

En consecuencia, dispoñemos dun excelente laboratorio para afondar na análise de dous asuntos relevantes na investigación sobre sindicatos: podemos coñecer cómo está evolucionando a representación das organizacións corporativas neste sector e se o nacionalismo galego está alcanzando no plano sindical unha representación tan significativa coma no plano político.

A investigación segue a metodoloxía empregada nas análises electorais dos sistemas de partidos para coñecer-las súas liñas de funcionamento e de eventual cambio. Non obstante, o recurso a esta caixa de ferramentas debe facerse coas necesarias precaucións, pois cómpre non esquecer que nun caso o referente último é a formación de gobernos e no outro o desenvolvemento dun sólido poder de negociación. As fontes dos resultados electorais son a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e a Federación do Ensino do SN de CC.OO. de Galicia².

O artigo estrutúrase en catro partes. En primeiro lugar, revísanse os elementos constitutivos do sistema electoral da ensinanza pública non universitaria en Galicia. En segundo lugar, analízanse as preferencias electorais, é dicir, a orientación do voto e os niveis de competitividade destas catro eleccións. En terceiro lugar, estúdianse algunhas das propiedades ou dimensións da interacción competitiva entre os sindicatos, en particular a fragmentación, a concentración, a proporcionalidade e a volatilidade. Finalmente, ademais de sistematizar os principais achados do artigo, apúntanse algunhas liñas de investigación para futuras aproximacións.

2. O SISTEMA ELECTORAL

O sistema electoral é o conxunto de elementos normativos que configuran o proceso de designación de titulares de poder, cando este proceso se basea en preferencias expresadas polos cidadáns. Os elementos constitutivos dos sistemas electorais máis importantes para a configuración dun sistema de representación sindical son o distrito ou circunscrición electoral —especialmente a súa magnitude—, a fórmula electoral, o tipo de voto e a barreira legal.

² A Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia só dispón dos datos sobre delegados para as eleccións de 1994 e de 1998. Deste modo, recorremos á información que está en mans do sindicato CC.OO. En todo caso, non existe un consenso absoluto sobre os resultados electorais deste período, aínda que as diferencias non son demasiado importantes.

2.1. OS DISTRITOS

Os distritos electorais son as unidades territoriais nas que os votos emitidos son traducidos en representantes e asignados posteriormente ás candidaturas, con independencia dos votos emitidos noutras circunscricións. A principal característica deste elemento é a denominada magnitude ou tamaño, entendendo por isto non a súa extensión xeográfica nin a súa cantidade de habitantes, senón o número de representantes que ten asignados.

O artigo 7 da Lei 9/87 de órganos de representación do persoal ó servizo das Administracións Públicas (LOR) establece que cada comunidade autónoma constituirá unha xunta de persoal en cada unha das súas provincias cando estean transferidos os servizos correspondentes. O seu artigo 8 fixa o número de representantes da xunta de persoal de acordo coa seguinte escala:

De 50 a 100 funcionarios	5
De 101 a 250 funcionarios	7
De 251 a 500 funcionarios	11
De 501 a 750 funcionarios	15
De 751 a 1000 funcionarios	19
De 1001 en diante, dous por cada 1000 ou fracción, cun máximo de 75.	

2.2. A FÓRMULA ELECTORAL

A fórmula electoral serve para distribuí-los representantes entre os sindicatos contendentes de acordo co número de votos obtidos por cada un deles. Entre o amplo abano de fórmulas electorais proporcionais ou distributivas, o artigo 18 da LOR opta por unha das variantes máis populares da familia do resto maior: a cota Hare.

As fórmulas do resto maior recorren a unha primeira –ou única no seu caso– operación de cálculo dun cociente electoral, na que o seu valor indica o número de votos que necesita cada candidatura para obter un delegado. Cada lista conseguirá tantos representantes como veces o seu número de votos conteña esa cota. O cociente máis sinxelo é o chamado Hare, que se obtén dividindo o total do sufraxio válido (S) entre o número de representantes por elixir (R): $Q_H = S / R$.

Se quedaran máis representantes sen adxudicar unha vez concluída esta primeira fase –como adoita suceder–, a Lei dispón que se lles atribuirán ás candidaturas cos maiores restos.

2.3. O TIPO DE VOTO

O tipo de voto inclúe tanto a forma da candidatura como o procedemento de votación. O artigo 18 da LOR establece que cada elector poderá darlle o seu voto a unha soa das listas pechadas e bloqueadas.

2.4. A CLÁUSULA DE EXCLUSIÓN

A cláusula de exclusión ou barreira legal é a porcentaxe mínima de votos que debe obter un sindicato para poder participar no reparto de representantes tralo escrutinio. Trátase, polo tanto, dun mecanismo restrictivo da proporcionalidade. O artigo 18 da LOR establece que non terán dereito á atribución de representantes na xunta de persoal aquelas listas que non obtiveran o 5% dos votos emitidos na circunscrición³.

3. AS PREFERENCIAS ELECTORAIS: ORIENTACIÓN DO VOTO E NIVEIS DE COMPETITIVIDADE

3.1. A ORIENTACIÓN DO VOTO

O sistema de representación sindical na ensinanza pública non universitaria galega coñeceu dous períodos electorais. No primeiro, que comprende unicamente as primeiras eleccións sindicais, presentáronse dez organizacións, das que só unha – ANPE⁴ – pasou do 20% de votos e delegados. O apoio electoral de INTG, CC.OO., UXT, CXTG, UCSTE⁵ oscilou entre o 16 por 100 do primeiro e o 10 por 100 dos dous últimos. Non tódolos sindicatos presentaron candidaturas nas catro provincias. Así, CSIF, SGTE e UCSTE non competiron en Ourense, Lugo e A Coruña, mentres que ASIME e CNT unicamente se presentaron en Ourense e Pontevedra, respectivamente.

Nas eleccións de 1990, que inauguran o segundo ciclo electoral, a oferta sindical reduciuse significativamente. O sistema de representación sindical pasou a estar formado por seis organizacións: CC.OO., UXT, ANPE e CSIF mantivéronse, mentres que INTG e CXTG se fusionaron en CIG, e ASIME, UCSTE e SGTE no STEG. Por último, a CNT desapareceu. A partir dese momento, o número de formacións sindicais só cambiará en 1998, cando se presente ás eleccións SIEG, unha agrupación de PNN (profesores non numerarios) que a penas obtivo o 3 por 100 dos votos e ningún delegado.

Nas tres últimas eleccións, a CIG foi o sindicato máis votado no ámbito autonómico, que non nas catro provincias. Se o apoio electoral da CIG e CC.OO. a penas experimentou variacións nestas tres convocatorias electorais, o apoio de UXT, ANPE e STEG si sufriu notables variacións. O caso máis rechamante é o de ANPE, que nas eleccións de 1998 perdeu preto de dez puntos porcentuais.

³ Ademais, aquelas organizacións que non acadaran o 10% dos representantes en toda a comunidade autónoma non poderán participar nas mesas de negociación colectiva (artigo 30 da LOR).

⁴ En ANPE integrouse a Asociación de Catedráticos.

⁵ UCSTE integrábase tres organizacións independentes: Movemento de Mestres de Pontevedra, Movemento de Mestres de Lugo e SPEXBATE de Ourense.

As organizacións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia caracterízanse fundamentalmente pola súa definición nas dimensións de clase/corporativo e nacionalista/non nacionalista. En primeiro lugar, UXT, CNT, CC.OO., INTG, CXTG e CIG responden ó tipo ideal de sindicalismo xeral ou de clase, é dicir, as súas respectivas federacións de ensinanza son unha rama máis do sindicato, que busca representar a tódolos asalariados. Pola contra, ANPE, CSIF e ASIME son sindicatos corporativos, que só representan a funcionarios ou exclusivamente a profesores. En segundo lugar, INTG, CXTG e CIG son sindicatos nacionalistas, mentres que os demais non o son. Os perfís de SGTE, UCSTE e STEG son máis difusos, de modo que se excluíron dos bloques definidos por estas escisións⁶.

En definitiva, a evolución do voto ós sindicatos pódese resumir en tres pautas. En primeiro lugar, os sindicatos de clase melloraron paulatinamente os seus resultados, o que levou ás organizacións corporativas a unha perda de máis de once puntos porcentuais entre 1987 e 1998. En segundo lugar, mentres que o apoio electoral dos sindicatos non nacionalistas mantén uns niveis bastante estables, o apoio alcanzado polas organizacións de clase nacionalistas aumentou considerablemente nas segundas eleccións, o que converteu á CIG na primeira forza sindical. Finalmente, os sindicatos non agrupados nestas dimensións perderon apoios significativamente desde as eleccións de 1990.

Táboa 1.- Resultados das eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998)*

SINDICATOS	VOTOS (%)				DELEGADOS (%)			
	1987	1990	1994	1998	1987	1990	1994	1998
CC.OO.	12,3	19,4	19,2	18,8	12,9	20,8	20,7	20,8
UXT	11,9	10,7	7,6	16,9	12,1	10,8	6,9	17,7
CIG		35,5	38,3	35,2		35,8	38,5	36,2
ANPE	22,3	17,8	24,4	16,3	22,4	19,2	26,2	17,7
CSIF	7,4	5,5	4,9	3,2	6,9	3,3	1,5	2,3
STEG		11,1	5,5	6,6		10,0	5,4	5,4
SIEG								
INTG	15,9				15,5			
CXTG	10,2				9,5			
UCSTE	10,3				11,2			
SGTE	7,8				7,6			
ASIME	1,1				1,7			
CNT	0,9				0,0			

*O sindicato CSIF non obtén representación nas eleccións de 1990 e de 1994 na provincia da Coruña debido á anulación de votos, aínda que este punto non aparece claramente sinalado nas diferentes fontes consultadas.
Na provincia de Pontevedra nas eleccións de 1998 existe certa confusión sobre a adxudicación dun delegado á CIG fronte a STEG, dado que o seu número de votos oscila nalgunhas decenas segundo as diferentes fontes.

FONTE: Elaboración propia.

⁶ Aínda que formalmente estas organizacións se definen como sindicatos de clase, só agrupan a profesionais da ensinanza. De aí que a súa comparación directa cos restantes sindicatos sexa complicada.

Táboa 2.- Distribución do voto por bloques nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998)*

BLOQUES	1987	1990	1994	1998	MEDIA
Nacionalista	26,0	35,5	38,3	35,2	33,8
Non nacionalista	55,9	53,4	56,2	58,2	55,9
Total	85,9	88,9	94,5	93,4	90,7
Corporativo	30,8	23,3	29,3	19,5	25,5
De clase	51,1	65,6	65,2	73,9	64,2
Total	81,9	88,9	94,5	93,4	89,7

*Os sindicatos integrados no bloque nacionalista son INTG, CXTG e CIG, mentres que no bloque non nacionalista están CC.OO., UXT, ANPE, CSIF, ASIME e CNT. Os sindicatos incluídos no bloque corporativo son ANPE, ASIME e CSIF, mentres que no bloque de clase se incluíron CC.OO., UXT, CIG, INTG, CXTG e CNT. Excluíronse dos cálculos os sindicatos SGTE, UCSTE e STEG ante a súa difícil situación en ámbalas dúas dimensións.

FONTE: Elaboración propia.

3.2. OS NIVEIS DE COMPETITIVIDADE

A competitividade foi definida por Sartori (1987, p. 161) como unha propiedade ou atributo da competencia, é dicir, un estado do xogo democrático que determina, como advirten Pennings e Lane (1998, pp. 5 e ss.), o grao en que se está producindo un cambio nun sistema de representación.

Os niveis de competitividade nas eleccións na ensinanza pública non universitaria galega dividen claramente as catro convocatorias electorais en dous períodos. No primeiro período, que comprende só as eleccións de 1987, a competitividade foi alta tanto en termos electorais coma en delegados, sobre todo en Pontevedra, onde a implantación de ANPE non é tan sólida.

No segundo período, que se estende desde as eleccións de 1990 ata a actualidade, os niveis de competitividade reducíronse considerablemente, sobre todo no campo electoral: se en 1987 a diferenza no ámbito autonómico entre as organizacións sindicais máis votadas a penas pasara dos seis puntos porcentuais, nas restantes eleccións non baixou practicamente dos catorce puntos.

No campo dos delegados, as diferenzas entre os dous períodos, aínda que importantes, non son tan amplas. Este resultado vén explicado fundamentalmente por un efecto reductor do sistema electoral que, inexistente nas primeiras eleccións, aparece, aínda que sexa dun modo modesto, nas demais. En efecto, mentres que en 1987 a competitividade no ámbito dos representantes era sorprendentemente maior ca no electoral, en 1990, 1994 e 1998 invértese esta situación aínda que non en tódalas circunscricións. En definitiva, as exiguas desviacións entre o campo electoral e o dos delegados reflicten a debilidade do sistema electoral, como veremos máis adiante.

Por último, a maior competitividade preséntase sistematicamente a partir das eleccións de 1990 nas provincias de Lugo e Ourense. En cambio, a forte implanta-

ción da CIG na Coruña e en Pontevedra reduce considerablemente a competitividade nestas circunscricións.

Táboa 3.- Competitividade electoral e de delegados nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998)*

PROVINCIAS	ELECCIONES								MEDIA	
	1987		1990		1994		1998			
	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.
A Coruña	7,5	11,4	20,9	24,3	16,8	17,1	20,3	19,5	16,1	18,1
Lugo	7,7	8,0	8,4	8,0	1,5	3,7	4,6	7,4	5,6	6,8
Ourense	11,3	13,0	1,6	0,0	3,9	0,0	11,7	12,0	7,1	6,3
Pontevedra	5,2	3,0	12,9	11,4	25,4	24,3	20,7	24,3	16,1	15,8
Galicia	6,4	6,9	16,0	15,0	13,9	11,5	16,4	15,4	13,2	12,2

*A competitividade mídese pola diferenza entre as porcentaxes de votos/representantes obtidos polo primeiro e o segundo sindicatos; canto menor é o valor, maior é a competitividade.

FONTE: Elaboración propia.

4. AS DIMENSIÓNS DO VOTO. FRAGMENTACIÓN E VOLATILIDADE

A orientación do voto e a competitividade cristalizan na fragmentación e na volatilidade. A primeira dimensión fai referencia ó número de sindicatos que compiten, mentres que a segunda expresa os cambios ocorridos nas porcentaxes de voto entre dúas eleccións. Ambas dúas dimensións supoñen consecuencias fundamentais dos resultados electorais e son, á vez, atributos definitorios dos sistemas de representación (Montero, 1992).

4.1. A FRAGMENTACIÓN ELECTORAL E DE DELEGADOS

O número de candidaturas nas eleccións na ensinanza pública non universitaria en Galicia experimentou un significativo descenso desde a primeira convocatoria electoral en 1987. Non obstante, esta redución da oferta sindical non foi progresiva, senón que tivo lugar fundamentalmente nas segundas eleccións tralas fusións dalgunhas organizacións sindicais e a desaparición doutras, para manterse e mesmo aumentar lixeiramente nas restantes.

A primeira consecuencia desta redución das candidaturas é unha maior concentración do voto nos principais sindicatos. Se en 1987 a penas o 38 por 100 dos votantes optaron polos dous sindicatos maioritarios no ámbito autonómico, esta porcentaxe ascendeu nas seguintes eleccións ata o 55 por 100 en 1990 e ata o 63 por 100 en 1994, para descender ata o 54 por 100 en 1998.

No ámbito provincial, os maiores niveis de concentración do voto prodúcese na Coruña, mentres que non se observan diferencias significativas entre Lugo, Ourense e Pontevedra.

Táboa 4.- Concentración electoral e de delegados nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998)

PROVINCIAS	ELECCIÓNS								MEDIA	
	1987		1990		1994		1998			
	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.
A Coruña	46,5	45,7	62,5	67,6	71,3	70,6	60,3	61,0	60,2	61,3
Lugo	43,6	40,0	54,5	56,0	63,0	63,0	49,9	51,8	52,8	52,7
Ourense	48,4	47,7	49,7	52,2	58,7	64,0	53,1	60,0	52,5	56,0
Pontevedra	32,1	33,3	57,1	57,1	60,8	62,2	58,3	62,2	52,0	53,7
Galicia	38,2	37,9	54,9	56,6	62,7	65,4	54,0	56,9	52,5	54,2

*A concentración calcúlase sumando as porcentaxes de votos/representantes obtidos polos dous primeiros sindicatos.

FONTE: Elaboración propia.

En todo caso, a relación entre o número de sindicatos e o seu tamaño apréciase con maior claridade no índice de fragmentación, que reflicte os niveis de competencia e a división das preferencias electorais. Formulado por Rae hai tres décadas, recolle a probabilidade de que dous votantes seleccionados ó chou opten por diferentes sindicatos nunha elección, ou a de que dous delegados, tamén seleccionados ó chou, pertencen a sindicatos distintos⁷. Se nun sistema de partidos o índice apunta as dificultades para a formación e a estabilidade dos gobernos, no ámbito sindical da ensinanza pública non universitaria permítenos coñecerlos problemas para a estabilidade das xuntas de persoal, para a formación de coalicións ou para a elaboración dunha proposta sindical común nas negociacións coa Administración.

As diferencias entre as primeiras eleccións e as restantes son tamén notables neste aspecto. A maior competitividade e a menor concentración do voto nas eleccións de 1987 reflíctense nunha fragmentación electoral e de delegados moi superior cá do resto de eleccións, superando amplamente o termo medio do período. A redución da competitividade e o aumento da concentración do voto nos principais sindicatos levaron a un descenso da fragmentación nas tres eleccións seguintes ata niveis máis frecuentes nos sistemas de partidos.

Esta panorámica da competición intersindical complétase con dúas notas. En primeiro lugar, chama a atención a limitadísima e nalgúns casos inexistente diferenza entre a fragmentación electoral e a de delegados. A segunda pauta destacable reside na uniformidade dos índices de fragmentación nas catro provincias, lixeiramente distorsionada polos seus menores niveis na provincia da Coruña.

⁷ Os índices de fragmentación electoral e de delegados (F) calcúlanse coa seguinte fórmula: $F = 1 - \sum T_i^2$, na que T_i é a porcentaxe de votos/representantes de cada sindicato. O índice oscila entre 0 (na situación hipotética de que tódolos votantes se inclinaran polo mesmo sindicato, ou tódolos representantes pertenceran ó mesmo sindicato) e 1 (na que se daría a situación hipotética contraria para os electores e os representantes).

Táboa 5.- Fragmentación electoral e de delegados nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998)

PROVINCIAS	ELECCIONES								MEDIA	
	1987		1990		1994		1998			
	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.
A Coruña	0,82	0,83	0,73	0,68	0,70	0,67	0,74	0,71	0,75	0,73
Lugo	0,83	0,84	0,79	0,78	0,75	0,75	0,81	0,78	0,80	0,79
Ourense	0,83	0,83	0,80	0,79	0,76	0,71	0,79	0,76	0,80	0,77
Pontevedra	0,87	0,87	0,77	0,76	0,73	0,73	0,76	0,73	0,78	0,78
Galicia	0,86	0,86	0,78	0,77	0,75	0,73	0,78	0,76	0,79	0,78

FONTE: Elaboración propia.

O carácter abstracto do índice de fragmentación e as súas dificultades para reflecti-lo número de organizacións que compiten en realidade nunhas eleccións levou á formulación doutro indicador: o *número efectivo de partidos*. No caso dos sistemas de representación sindical, o número efectivo de sindicatos é o número de sindicatos hipotéticos de igual tamaño que terían o mesmo efecto na fragmentación do sistema de representación sindical que o que teñen os sindicatos de distintos tamaños en realidade existentes⁸. O número efectivo de partidos ou de sindicatos coincidirá co número dos realmente existentes só se se cumpre a hipótese de que todos contén cun apoio electoral igual ou moi similar. En caso contrario, que é o que adoita ocorrer, o número efectivo será máis baixo có real (Taagepera e Shugart, 1989).

A media do número efectivo de sindicatos nas catro eleccións realizadas ata o momento é moi elevada. O índice oscila arredor dos cinco sindicatos, aínda que existen notables diferencias entre as primeiras eleccións e as tres seguintes. En efecto, a redución das candidaturas, a menor competitividade, a maior igualdade relativa e, en fin, a progresiva concentración do voto nos sindicatos maioritarios reduciron o número efectivo de sindicatos dos máis de sete en 1987 ós catro e medio de 1998, trala caída por baixo de catro en 1994. Tamén neste caso resulta salientable a pequena diferenza que se produce entre o campo electoral e o de delegados, nota característica dos sistemas electorais altamente proporcionais.

Táboa 6.- Número efectivo de sindicatos e de delegados nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998)

PROVINCIAS	ELECCIONES								MEDIA	
	1987		1990		1994		1998			
	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.	ELECT.	DELEG.
A Coruña	5,86	5,98	3,73	3,16	3,30	2,99	3,79	3,48	4,17	3,90
Lugo	6,05	6,31	4,78	4,70	4,04	3,98	5,13	4,52	5,00	4,88
Ourense	5,90	5,81	5,05	4,85	4,12	3,45	4,87	4,14	4,99	4,56
Pontevedra	7,85	7,51	4,37	4,24	3,77	3,65	4,14	3,67	5,03	4,77
Galicia	7,31	7,23	4,51	4,32	3,92	3,68	4,53	4,17	5,07	4,85

FONTE: Elaboración propia.

⁸ O número efectivo de sindicatos calcúlase mediante a seguinte fórmula: $N = 1 / \sum P_i^2$, na que P_i é a proporción de votos ou de delegados do sindicato i .

A limitada capacidade *reductora* do sistema electoral que se puxo de manifesto na análise dos graos de competitividade, concentración e fragmentación explícase pola súa elevada proporcionalidade na tradución dos votos en representantes. En efecto, a proporcionalidade media das catro eleccións celebradas, calculada de acordo co índice proposto por Rose (1983)⁹, chega case ata o 97 por 100, cun máximo de preto do 99 por 100 en 1987 e un mínimo do 94,9 por 100 en 1998. E é que a elevada magnitude das catro circunscricións garante que calquera candidatura que supere a barreira legal do 5 por 100 obteña cando menos un representante, isto é, o *limiar efectivo* (Lijphart, 1997) dos catro distritos –a porcentaxe de votos necesaria para conseguir un delegado– vén determinado por esta barreira¹⁰. Deste modo, os votos sen representación, que definen os niveis de proporcionalidade, movéronse nunhas porcentaxes que en ningún caso superaron o 4 por 100 nos seus valores medios. E iso en tanto que os limiares efectivos das magnitudes das circunscricións están claramente por debaixo dese 5 por 100 que fixa a barreira legal.

Táboa 7.- Limiar efectivo esixido pola magnitude das circunscricións nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998) (%)

	ELECCIÓNS			
	1987	1990	1994	1998
A Coruña	2,08	1,97	1,78	1,78
Lugo	2,88	2,88	2,68	2,68
Ourense	3,13	3,13	2,88	2,88
Pontevedra	2,21	2,08	1,97	1,97

FONTE: Elaboración propia.

⁹ O índice de Rose calcúlase sumando as diferenzas absolutas entre as porcentaxes de votos e de representantes de cada sindicato, dividíndoo entre dous e restándoo de 100. O índice oscila entre 100 (máxima proporcionalidade) e 0 (máxima desproporcionalidade).

¹⁰ As variables da magnitude da circunscrición e a barreira legal poden fundirse nun só indicador para a análise empírica: o *limiar efectivo*; é dicir, a porcentaxe de voto que garante a consecución dun delegado nun distrito. A razón principal desta solución reside en que estas dúas variables son funcionalmente equivalentes, pois ámbalas dúas pónenlle límites á representación dos sindicatos minoritarios: en circunscricións grandes é a barreira legal a que define o nivel mínimo de apoio electoral necesario para conseguir un delegado, mentres que nos distritos pequenos é a súa magnitude a que establece tal límite. Noutras palabras, o indicador permite transformala magnitude da circunscrición nunha porcentaxe de voto, facendo así posible a comparación cos valores establecidos na barreira legal. O limiar efectivo dunha circunscrición é, así, o maior valor calculado a partir da súa magnitude e da barreira legal.

Aínda que a explicitude do valor do limiar legal non presenta ningún problema –é o que expresamente establece a normativa electoral–, o cálculo do limiar efectivo a partir da magnitude da circunscrición si introduce algunhas dificultades, en tanto que aparece condicionada pola fórmula e a fragmentación electorais. Lijphart (1997) suxire para a súa cuantificación a ecuación $U_{ef} = 75\% / (M+1)$, na que M é a magnitude dos distritos.

En todo caso, cando os limiares efectivos se calculan a partir das magnitudes das circunscricións ou a partir doutros criterios non só son estimacións aproximadas –o que invita a presenta-los valores que adopta cun só decimal–, senón tamén puntos intermedios nunha gama de posibilidades que vai desde a non representación á representación total. Polo tanto, o feito de quedar a curta distancia dese limiar non supón necesariamente que non se alcance ningunha representación –o que, sen embargo, si ocorre cando o limiar efectivo vén determinado directamente pola barreira legal–, senón máis ben que se vai estar substancialmente subrepresentado.

Neste contexto, a aplicación de calquera fórmula electoral distributiva, ben sexa da familia da media máis alta ou da de resto maior, ou de calquera variante dentro das primeiras, garantiría uns resultados altamente proporcionais. De tódolos modos, a cota Hare que se utiliza nas eleccións sindicais resulta unha das máis proporcionais (Lijphart, 1995).

Táboa 8.- Proporcionalidade electoral nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998) (%)

	ELECCIÓNS				MEDIA
	1987	1990	1994	1998	
A Coruña	97,1	91,6	94,6	94,8	94,5
Lugo	97,2	97,7	97,0	92,6	96,2
Ourense	98,1	97,0	91,2	92,9	94,8
Pontevedra	97,6	96,0	97,0	94,6	96,3
Galicia	98,7	96,7	95,8	94,9	96,7

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 9.- Votos sen representación nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998) (%)

	ELECCIÓNS				MEDIA
	1987	1990	1994	1998	
A Coruña	0,00	8,41	5,37	5,22	4,75
Lugo	0,00	0,00	0,00	6,96	1,74
Ourense	0,00	0,00	8,63	6,54	3,79
Pontevedra	0,00	3,26	2,41	3,90	2,39

FONTE: Elaboración propia.

Se a análise dos rendementos do sistema electoral se traslada desde a perspectiva agregada do sistema á individual dos sindicatos, a debilidade dos seus efectos vólvese reflectir nas exiguas diferencias entre as porcentaxes de votos e de delegados dos distintos sindicatos. En efecto, ningún sindicato obtivo primas electorais que superen os dous puntos porcentuais, agás ANPE en 1994, mentres que as penalizacións a penas superaron os tres puntos. Neste sentido, a elevada proporcionalidade do sistema electoral permitiu que existan limitadas diferencias no tratamento dos sindicatos que superan a barreira legal. O feito de que a maior prima do período en termos relativos –o cociente electoral– fora conseguida por un sindicato –ASIME– con pouco máis do 1 por 100 dos votos en toda Galicia e do 8 por 100 en Ourense, única provincia na que se presenta, ilustra perfectamente esta situación.

O sindicato que obtivo maiores bonificacións en termo medio é CC.OO., cando a CIG é a organización máis votada nas tres últimas eleccións. Esta situación explícase porque CC.OO. obtén os seus mellores resultados nas circunscricións con maior desproporción e que, polo tanto, conceden maiores primas electorais.

En definitiva, os efectos do sistema electoral sindical resúmense en dous puntos. En primeiro lugar, tódolos sindicatos que superan a barreira legal nunha circunscri-

ción son tratados dun modo bastante equitativo. En segundo lugar, a distribución do voto entre as circunscricións pesa significativamente na sorte dos sindicatos. As candidaturas que máis concentran os seus apoios en Ourense logran as maiores primas electorais.

Táboa 10.- Diferencias entre as porcentaxes de votos e de delegados nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998) (%)*

SINDICATOS	1987	1990	1994	1998
CC.OO.	+0,66	+1,41	+1,61	+1,96
UXT	+0,19	+0,18	-0,70	+0,82
CIG		+0,38	+0,12	+0,96
ANPE	+0,16	+1,37	+2,51	+1,39
CSIF	-0,51	-2,20	-3,39	-0,94
STEG		-1,14	-0,16	-1,25
SIEG				-2,94
INTG	-0,38			
CXTG	-0,67			
UCSTE	+0,90			
SGTE	-0,07			
ASIME	+0,66			
CNT	-0,94			

*Os signos positivos indican situacións de sobrerepresentación, posto que os sindicatos obteñen porcentaxes de delegados superiores ós de votos; os negativos, de infrarrepresentación.

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 11.- Cocientes de representación nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia (1987-1998) (%)

SINDICATOS	1987	1990	1994	1998
CC.OO.	1,05	1,007	1,08	1,10
UXT	1,02	1,02	0,91	1,05
CIG		1,01	1,00	1,03
ANPE	1,01	1,08	1,10	1,09
CSIF	0,93	0,60	0,31	0,71
STEG		0,90	0,97	0,81
SIEG				0,00
INTG	0,98			
CXTG	0,93			
UCSTE	1,09			
SGTE	0,99			
ASIME	1,62			
CNT	0,00			

*O cociente de representación mide a relación existente entre as porcentaxes de delegados e de votos conseguidos por cada sindicato. Se o cociente é igual a 1, o sindicato foi tratado dun modo equitativo polo sistema electoral. Conforme medre o cociente por riba da unidade, o sindicato verase sobrerepresentado; e á inversa, canto máis descenda por debaixo da unidade, maior será a infrarrepresentación.

FONTE: Elaboración propia.

4.2. A VOLATILIDADE AGREGADA

As propiedades dinámicas do comportamento electoral exprésanse na volatilidade. Esta dimensión recolle as modificacións experimentadas polos sindicatos e eventualmente nun sistema de representación sindical logo dunhas eleccións. Dun modo máis preciso, a volatilidade enténdese como os cambios electorais netos que se producen nun sistema de representación entre dúas eleccións consecutivas e que se deben a transferencias individuais do voto. Trátase, en definitiva, dun indicador da estabilidade das preferencias electorais¹¹.

A volatilidade presenta dous tipos: a de cada un dos sindicatos, obtida mediante o cálculo das diferenzas entre o seu resultado en dúas eleccións consecutivas, e a do sistema de representación sindical, tamén denominada *agregada* ou total; á súa vez, esta última divídese en dúas categorías: a *volatilidade entre os bloques*, que é a parte da volatilidade total que ten lugar entre dous o máis grupos de sindicatos agregados, e a *volatilidade intrabloques*, que é a que se produce exclusivamente no interior dos bloques¹².

A volatilidade nas eleccións sindicais moveuse nuns niveis relativamente reducidos. A maior volatilidade do período tivo lugar nas primeiras eleccións, cando as lealdades sindicais e o propio sistema de representación sindical carecían de estabilidade. A volatilidade alcanza os seus niveis máis baixos en 1994, para volver incrementarse en 1998 coa importante caída de ANPE e o notable crecemento de UXT.

Do mesmo modo que é interesante analizar qué sindicatos perden ou gañan votos entre dúas eleccións, a revisión da evolución dos bloques definidos polas dimensións que vertebran a competición electoral reflicte a importancia de cada unha delas e debuxa as principais pautas de interacción entre os sindicatos. Así, en ocasións as liñas de división son moi profundas, de modo que a maioría dos votantes que cambian de opción entre dúas eleccións fano dentro do mesmo bloque. Noutros casos, as escisións non teñen un carácter tan pechado, o que leva a que un bo nú-

¹¹ Os niveis de volatilidade agregada non son, sen embargo, máis ca unha expresión *grosso modo* dos cambios na orientación do voto. En particular, non son capaces de determinar con precisión a proporción de votos que se moveu dun sindicato a outro, posto que asumen que tódalas transferencias de apoio se quedan no mesmo bloque. Só as diferenzas entre as ganancias e as perdas dos sindicatos que compoñen cada bloque enténdese que pasaron ós que integran o outro. En todo caso, a inexistencia de enquisas postelectorais nas eleccións sindicais impide completa-la análise da estabilidade das preferencias electorais desde o nivel individual, sendo os seus niveis de volatilidade substancialmente máis elevados.

¹² A fórmula para calcula-la volatilidade electoral agregada (*VT*) é a seguinte:

$$VT = \sum \left| Pit - Pi(t+1) / 2 \right| ,$$

onde *i* é a porcentaxe de voto a candidaturas de cada un dos sindicatos en dúas eleccións consecutivas (*t* e *t+1*). A volatilidade entre bloques (*VB*) obtense da seguinte maneira:

$$VB = \left| PiV + PjV + \dots + PkV \right| + \left| PxV + PyV + \dots + PnV \right| / 2 ,$$

onde *V* é a diferenza entre as porcentaxes de voto de cada sindicato en dúas eleccións consecutivas. Finalmente, a volatilidade intrabloques (*VIB*) calcúlase restándolle á volatilidade total a que se produce entre os bloques: $VIB=VT - VB$ (Bartolini, 1986; Bartolini e Mair, 1990; Pedersen, 1983).

mero de electores decida cambia-la orientación do seu voto traspasando a liña de división.

En definitiva, a volatilidade entre bloques é un indicador do grao de peche dunha dimensión. Se é baixa, os electores permanecen na súa maioría dentro dun só bloque, variando de preferencia, en todo caso, cara a outro sindicato do mesmo bloque. Se, pola contra, a volatilidade entre bloques é relativamente elevada, os electores están dispostos a cambia-la súa opción de voto pasando ó outro lado da dimensión. No primeiro caso, os sindicatos só compiten nun lado da dimensión, mentres que no segundo desenvolven estratexias para conseguir o apoio de votantes de ámbolos dous polos.

En tanto que a competición electoral nas eleccións sindicais na ensinanza pública non universitaria en Galicia se estruturou sobre o espacio definido polas dimensións de clase/corporativa e nacionalista/non nacionalista, calculámo-la volatilidade nos bloques que se establecen en cada unha destas dimensións.

Desde as primeiras eleccións os bloques nacionalista e non nacionalista mostraron unha maior estabilidade có bloque de clase e o corporativo. Mentres que na dimensión nacionalista/non nacionalista a volatilidade intrabloques supón o 64, o 70 e o 81 por 100 da volatilidade total en 1990, 1994 e 1998, respectivamente, na dimensión de clase/corporativa a penas supera o 34 por 100 en 1990, para subir ata o 66 por 100 en 1994 e caer ata o 30 por 100 en 1998. É dicir, só un número reducido de votantes –menos do 4 por 100 de media– concédelle-lo seu apoio en dúas eleccións consecutivas a sindicatos situados en distintos lados do espectro nacionalista, cando esta porcentaxe se eleva ata o 8 por 100 no caso da dimensión de clase/corporativo.

Esta pauta reflíctese, en último termo, na propia continuidade do peso dos diferentes bloques, como xa sinalamos. O peso relativo dos bloques nacionalista e non nacionalista oscilou moito menos que na dimensión de clase/corporativo.

Táboa 12.- Volatilidade electoral na ensinanza pública non universitaria nas eleccións sindicais en Galicia (1987-1998)*

	ELECCIONS			MEDIA
	1987-1990	1990-1994	1994-1998	
Volatilidade total (VT)	16,56	9,50	13,28	13,11
Dimensión nacionalista/non nacionalista				
Interbloques (VB)	5,91	2,80	2,56	3,76
Intrabloques (VIB)	10,65	6,70	10,69	9,34
% VIB/VT	64,31	70,34	80,50	71,71
Dimensión de clase/corporativo				
Interbloques (VB)	10,90	3,21	9,24	7,78
Intrabloques (VIB)	5,66	6,29	4,04	5,33
% VIB/VT	34,18	66,20	30,43	43,60
*Os sindicatos integrados no bloque nacionalista son INTG, CXTG e CIG, mentres que no bloque non nacionalista agrupáronse CC.OO., UXT, ANPE, CISF, ASIME e CNT. Os sindicatos incluídos no bloque corporativo son ANPE, ASIME e CSIF, mentres que no bloque de clase se agruparon CC.OO., UXT, CIG, INTG, CXTG e CNT. Excluíronse dos cálculos da volatilidade interbloques e intrabloques ós sindicatos SGTE, UCSTE e STEG ante a súa difícil situación en ámbalas dúas dimensións.				

FONTE: Elaboración propia.

5. CONCLUSIÓNS

As catro eleccións que tiveron lugar na ensinanza pública non universitaria en Galicia ata o momento poden agruparse en dous períodos. No primeiro, que comprende só a convocatoria de 1987, ANPE gaña en tres das catro provincias, nunha situación de elevada competitividade, reducida concentración e forte fragmentación electorais, que a debilidade do sistema electoral trasladou tamén ó ámbito dos delegados. Os sindicatos de clase, tanto nacionalistas como non nacionalistas, obtiveron cumpridamente nestas eleccións os seus peores resultados. As eleccións de 1990, que inauguraban o segundo período electoral, supuxeron un importante xiro en tódolos sentidos. Por unha parte, os sindicatos de clase gañaron votos e representación fronte ós corporativos. Por outro, a fusión das organizacións sindicais de clase nacionalistas e a desaparición dalgunhas candidaturas levaron á ampla victoria da CIG en tres das catro provincias –A Coruña, Lugo e Pontevedra–, resultado que repetiría nos comicios de 1994 e de 1998. Deste modo, a competitividade e a concentración electorais e de delegados aumentaron significativamente, mentres que, paralelamente, a fragmentación se reduciu considerablemente.

A competición electoral estruturouse sobre o espacio definido pola interacción entre as dimensións de clase/corporativa e nacionalista/non nacionalista, cunha maior volatilidade na primeira. Dúas claras tendencias caracterizan este período. Por un lado, os sindicatos de clase cobraron unha maior importancia desde as primeiras eleccións fronte ós sindicatos corporativos, que non chegaron ó 20 por 100 dos votos na última convocatoria electoral; por outro, tralo significativo ascenso dos sindicatos nacionalistas nas segundas eleccións, o seu apoio electoral a penas experimentou cambios e mantívose arredor do 35 por 100.

Deste modo, a aplicación da metodoloxía propia das análises electorais nos sistemas de partidos resulta útil para coñecer-las dinámicas e as pautas de funcionamento e de eventual cambio no sistema de representación sindical. Non obstante, esta descrición sistemática no nivel agregado debe acompañarse dunha análise no nivel individual, que non só complete esta fotografía do sistema de representación sindical, senón que permita explica-lo comportamento electoral. Só a través do estudo de enquisas postelectorais podemos coñecer con precisión as razóns que explican o voto a un sindicato e o peso das diferentes variables que se manexan nas análises agregadas. E é que calquera intento de explica-lo comportamento electoral desde unha perspectiva agregada aparece limitado polas tan comúns *falacias ecolóxicas*. A utilidade deste tipo de investigacións esténdese tamén á propia explicación e ó deseño das estratexias organizativas dos sindicatos: se se descoñece o perfil dos votantes de cada sindicato ou as percepcións dos individuos sobre a competencia electoral, dificilmente se poden maximiza-los recursos dunha organización.

Finalmente, o obxectivo último desta investigación é contribuír á normalización dunhas eleccións tan importantes como as sindicais. Logo de máis de vinte anos de

celebración de consultas electorais, resulta preocupante, que non sorprendente, o escaso interese que espertan e o baleiro bibliográfico que padecen. En efecto, as enormes dificultades existentes para dispoñer de información de toda natureza no ámbito sindical, e aínda máis nunha area tan central como é a electoral, desaniman a calquera. Agardemos que nos próximos anos se produza efectivamente unha normalización democrática tamén neste campo.

GLOSARIO DE SINDICATOS

CC.OO.: Comisións Obreiras.

UXT: Unión Xeral de Traballadores.

CIG: Confederación Intersindical Galega.

ANPE: Asociación Nacional de Profesores Estatales.

CSIF: Confederación de Sindicatos Independientes de Funcionarios.

STEG: Sindicato de Traballadores do Ensino de Galicia.

SIEG: Sindicato de Interinos do Ensino de Galicia.

INTG: Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos.

CXTG: Confederación Xeral dos Traballadores Galegos.

UCSTE: Unión Confederada de Sindicatos de Traballadores de la Enseñanza.

SGTE: Sindicato Galego de Traballadores do Ensino.

ASIME: Asociación Independente de Mestres de Ensino.

CNT: Confederación Nacional do Traballo.

BIBLIOGRAFÍA

BARTOLINI, S. (1986): "La volatilità elettorale", *Rivista Italiana di Scienza Politica*, 16, pp. 363-400.

BARTOLINI, S.; MAIR, P. (1990): *Identity, Competition and Electoral Availability. The Stabilization of European Electorates, 1985-1995*. Cambridge: Cambridge University Press.

LAAKSO, M.; TAAGEPERA, R. (1979): "Effective Number of Parties. A Measure with Application to West Europe", *Comparative Political Studies*, 12, pp. 3-27.

LIJPHART, A. (1995): *Sistemas electorales y sistemas de partidos. Un estudio de veintisiete democracias 1945-1990*. Madrid: Centro de Estudios Constitucionales.

LIJPHART, A. (1997): "The Difficult Science of Electoral Systems: A Commentary on the Critique by Alberto Penadés", *Electoral Studies*, 16, pp. 73-77.

MONTERO, J.R. (1992): "Las elecciones legislativas", en R. Cotarelo [comp.]: *Transición y consolidación democrática. España (1975-1986)*, pp. 243-297. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.

MONTERO, J.R. (1997): "Elecciones en España", en R. del Águila [ed.]: *Manual de Ciencia Política*, pp. 391-428. Madrid: Trotta.

- MONTERO, J.R.; OÑATE, A. (1995): "El sistema electoral", en R. Chueca e J.R. Montero [ed.]: *Elecciones autonómicas en Aragón*, pp. 65-84. Madrid: Tecnos.
- OÑATE, P.; OCAÑA, F.A. (1999): *Análisis de datos electorales*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- PENNINGS, P.; LANE, J.E. (1998). *Comparing Party System Change*. New York: Routledge.
- PEDERSEN, M. (1983): "Changing Patterns of Electoral Volatility in European Party Systems, 1948-1977: Explorations in Explanation", en H. Daalder e P. Mair [ed.]: *Western Europe Party Systems*. Beverly Hills: Sage.
- RAE, D.W. (1967): *Leyes electorales y sistemas de partidos*. Madrid: CITEP, 1977.
- ROSE, R. (1983): "En torno a las opciones en los sistemas electorales: alternativas políticas y técnicas", *Revista de Estudios Políticos*, (nova época), 34, pp. 69-106.
- SARTORI, G. (1987): *Partidos y sistemas de partidos*. Madrid: Alianza.
- TAAGEPERA, R.; SHUGART, M. (1989): *Seats and Votes. The Effects and Determinants of Electoral Systems*. New Haven: Yale University Press.
- VALLÉS, J.M.; BOSCH, A. (1997). *Sistemas electorales y gobierno representativo*. Barcelona: Ariel.